

## CONCESIÓN DE PERMISOS E LICENZAS (polo director/a do centro)

*Orde do 29/1/2016. Este cadro é un resumo con carácter informativo.* Para unha información precisa consúltese a *Orde*.

Art.	Permiso	Duración	Condicóns e outras consideracións
3	<b>Por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- 1º grao: 3 días hábiles mesma localidade, 5 en distinta.</li> <li>- 2º grao: 2 días hábiles mesma localidade, 4 en distinta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Precísase que haxa hospitalización (implica que a estancia hospitalaria inclúa 1 noite e 1 comida principal) ou intervención cirúrxica maior, ou resolución da inspección médica.</li> <li>- Se os días de hospitalización son inferiores ao tempo máximo deste permiso este quedará limitado aos días de hospitalización (agás que esta leve aparello reposo domiciliario).</li> <li>- Compútase o día do feito só se ese día se faltou ó traballo.</li> <li>- En falecemento días consecutivos e inmediatamente posteriores. No resto poden collerse descontinuos mentres persista o feito.</li> <li>- Non se computan os sábados, domingos e festivos.</li> <li>- Tómase como localidade de referencia a de residencia que se lle comunicara ao centro educativo ou á administración educativa</li> </ul>
4	<b>Traslado de domicilio</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Con 1 só membro na unidade familiar: 1 día mesma localidade, 2 cambio.</li> <li>- Con máis dun membro: 2 días mesma localidade, 4 cambio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non procede cando se produza por adxudicación de destino novo ou por traslado.</li> <li>- Carácter ininterrompido.</li> <li>- Días naturais: computan domingos e festivos.</li> <li>- Referido ao día en que se produza o efectivo traslado</li> </ul>
6	<b>Exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O día da proba.</li> <li>- Pódese incluir o tempo mínimo de desprazamento á localidade de celebración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Só para exames finais, ou para parciais liberatorios dunha parte do programa.</li> <li>- Tamén probas de acceso á función pública.</li> <li>- Convocados por centros oficiais.</li> <li>- Non procede cando a proba sexa en día non lectivo, salvo os días de desprazamento.</li> </ul>
9	<b>Exames prenatais e técnicas de preparación ao parto</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Polo tempo necesario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para funcionarias embarazadas e os seus cónxuxes/parellas.</li> <li>- Cómpre xustificar a necesidade da súa realización dentro da xornada laboral.</li> </ul>
10	<b>Tratamentos de fecundación asistida</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Polo tempo necesario.</li> <li>- 2 días se a necesidade de desprazamento para recibir o tratamento o xustifica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para funcionarios/as e os seus cónxuxes/parellas.</li> <li>- Cómpre xustificar previamente a necesidade da súa realización dentro da xornada laboral.</li> </ul>
12	<b>Matrimonio de familiares</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O día de celebración de matrimonio do familiar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O familiar deberá ser de ata o 2º grao de consanguinidade e do 1º de afinidade.</li> </ul>
14	<b>1. Deber inescusable de carácter público ou persoal, ou deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tempo indispensable para o seu cumprimento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deber "persoalísimo": non executable por outra persoa; e deberá xustificarse debidamente a imposibilidade de cumprimento deste deber fóra da xornada laboral. O seu incumprimento xera responsabilidade civil, penal, social ou administrativa.</li> <li>- Citacións de xulgados, tribunais de xustiza, comisarías, etc.</li> <li>- Cumprimento de deberes cidadáns derivados dun proceso electoral</li> <li>- Reunións de órganos de goberno de cargos electivos de concelleiro, deputado...</li> <li>- Visitas de programas europeos.</li> <li>- Reunións de tribunais de oposicións.</li> <li>- Reunións das P.A.A.U.</li> <li>- Reunións da Consellería de Educación.</li> <li>- O tempo necesario para facer unha doazón de sangue, medula ou plaquetas.</li> <li>- Asistencia dos deportistas de alto nivel a asistir ás competicións de carácter internacional así como as concentracións preparatorias delas.</li> <li>- Citas de titoría de fillos menores.</li> <li>- Tamén deberes derivados da conciliación da vida familiar e laboral: Asistencia ás titorías dos fillos menores.</li> </ul>
	<b>2. Asistencia a consultas e revisións médicas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Polo tempo necesario, con aviso previo presentando a solicitude de permiso, na que se sinalará a hora prevista da consulta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para realizaras, ou para acompañar os fillos/as, cónxuge/parella, maiores a cargo.</li> <li>- Cómpre xustificar a necesidade da súa realización dentro da xornada laboral e deben atoparse incluídas na carteira de servizos do sistema sanitario público.</li> </ul>
	<b>3. Enfermidade ou accidente que non supere os 3 días</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Un máximo de 3 días.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cómpre achegar documento (médico) xustificativo da enfermidade ou accidente (que non sexa un "parte de baixa" por incapacidade temporal).</li> </ul>
15	<b>Asuntos particulares</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Máximo 4 días por curso.</li> <li>- Só 2 días en días lectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A súa concesión está suxeita ás necesidades do servizo.</li> <li>- Non precisan xustificación.</li> </ul>
33	<b>Imprevistos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Máximo de 24 períodos lectivos por curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Imprevistos, indisposicións ou enfermidades leves (non superiores a 3 días).</li> <li>- A dirección poderá aceptar as xustificacións non documentais.</li> <li>- No caso de superar os 24 períodos as faltas non xustificadas deberanse comunicar sempre á xefatura territorial.</li> </ul>